

COMUNICADO

FSIE GALICIA consegue o compromiso da Xunta de suprimir o menor número de unidades e manter o emprego na Concertada



27 de abril de 2023. Tras a reunión mantida onte en San Caetano entre o Secretario Xeral de FSIE Galicia, Rodolfo Castro Fernández, e o Director Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Jesús Manuel Álvarez Bértolo, FSIE Galicia conseguiu que a Xunta se comprometa a facer esforzos **para mellorar as condicións laborais e salariais do profesorado da Concertada.**

Entre os temas tratados atópase o compromiso de convocatoria da Comisión Tripartita de xeito inmediato para unha nova proposta do **acordo de mantemento do emprego e recolocación.** Ademais, o Director Xeral comprometeuse a xestionar unha reunión co Conselleiro de Educación para seguir avanzando na negociación. Por outra banda, Jesús Manuel Álvarez Bértolo amosou o seu compromiso de concretar tamén unha reunión co Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, para tratar o **pago do**

complemento salarial aos coordinadores dos equipos de Dinamización da Lingua Galega. Espérase que ditas reunións se celebren no vindeiro mes de xuño.



Desde FSIE Galicia consideramos esperanzador o encontro de onte na Xunta que pode definirse de cordial e que amosou unha vez máis a vontade do sindicato maioritario do Ensino Concertado, FSIE Galicia, por apostar polo diálogo e a negociación para chegar a acordos clave para **mellorar as condicións laborais e salariais** da comunidade educativa da Concertada.

Seguiremos traballando nesta liña manténdoos informados de calquera avance que poida haber.